



Tal qual deixárom refletidas nas derradeiras palabras escritas às suas familias, os cinco militantes políticos afrontárom a sua condena a morte con coragem e valentia. Tratava-se de José Luis Sánchez-Bravo (21 anos); Ramón García Sanz (27 anos); Xosé Humberto Baena (25 anos); Juan Paredes Manot Txiki (21 anos) e Angel Otaegi (33 anos). Os três primeiros militantes do FRAP (*Frente Revolucionario Antifacista y Patriótico*); os dous últimos, de ETA. Todos eles fôrom assassinados polo Regime franquista con os primeiros raios de sol do 27 de Setembro de 1975.

Xosé Humberto Baena era originário de Vigo e cursou estudos de Filosofía na USC onde foi detido e julgado por primeira vez quando participava nas greves de estudantes. Embora sair absolto, Umberto polos calabouços de Vigo, Compostela e A Coruña, a partir de aí a policía política franquista non deixou de manter sobre ele un estrito control. Após cumprir o servizo militar en Madrid, Xosé voltou à cidade olívica onde continuou participando activamente nas greves de traballadores e no ámbito solidário con os retaliados polo Regime. Estando perseguido polas forzas repressoras, Baena fuge a Madrid onde sería detido o 22 de xullo de 1975 acusado de matar a un policía.

O Consejo de Ministros do 26 de Setembro confirma as penas de morte alé dos numerosos protestos chegados incluso desde o Vaticano. Ao día seguinte, Txiki foi assassinado en Barcelona, Otaegi en Burgos. Xosé Umberto Baena, José Luis Sánchez Bravo e Ramón García Sanz no Hoyo del Manzanares. En Madrid destinárom-se três pelotons, cada un composto por dez gardias civís ou policías, un sargento mais un tenente. TODOS

VOLUNTÁRIOS.

Assim, às 9:10h caía sobre terra o corpo de García Sanz, aos vinte minutos fazia o próprio o de Sánchez Bravo e momentos depois o galego Humberto Sánchez Baena. Em menos de umha hora os assassinatos já concluíram e ninguém, mais que os seus assassinos, puderam acudir até o lugar. Os corpos dos antifascistas fôrom devoltos dias depois às suas famílias.

Recuperando a memória e o legado

Quem ainda considere que os derradeiros anos de Franco fôrom umha “ditadura branda”, está num erro. Os quarenta anos que durou a sua pessoa no poder fôrom décadas de terror e de voraz repressom. Igualmente, tal e como mencionara Franco, *“todo está atado y bien atado”*, esta frase foi o preságio do que aconteceria posteriormente no Estado Espanhol.

Infinitas som as vozes que reclamam que se julguem os crimes cometidos polo franquismo e incluso países como Argentina fam petições expressas ao respeito. Pola contra, som grandes e nojentos os interesses de Espanha em ocultar a etapa na que se matou a milhares de pessoas e outras tantas que tivérom que exiliar-se ou fôrom perseguidas. O continuísmo do Regime franquista perpetuado nesta democracia farsa nom permitem julgar ante um tribunal de Justiça com maiúsculas a quem ordenárom todas estas massacres.

Desde o Organismo Popular Anti-repressivo CEIVAR queremos aproveitar o dia de hoje para lembrar a todas/os as/os antifascistas que pagárom com a sua vida o seu grande amor pola liberdade. Do mesmo jeito, exigimos que todos os implicados nos crimes franquistas sejam obrigados a rendir contas ante tribunais e à populaçom e a nossa aposta pola rutura com o Regime continuísta.